Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 86VSIN4BB24TRBMRKDT2GL1V
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 24/11/2026 13:16:52 Página 1 de un total de 5 página(s).

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/281

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: CPP2024-011530 (partida orzamentaria 05.99.25.12.60 541A 649.02)
Título: INTELIGENCIA ARTIFICIAL Y AUTOMATIZACIÓN APLICADAS A PRODUCTOS SOSTENIBLES DE ALTO VALOR AÑADIDO A PARTIR DE INSECTOS
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Hidráulica experimental, pegada hídrica, modelización hidráulica, inteligencia artificial y marchine learning

PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/11/2025 FIN: 31/10/2028

CENTRO Inv. Principal: E.T.S. Exeñaría de Camiños Canais e Portos

OBXECTO DO CONTRATO:
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: E.T.S. Exeñaría de Camiños Canais e Portos, 10:00 a 13.30 h

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 3

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))

Investigador/a contratado/a doutor/a ☐ Axudante de apoio á investigación ☐
Xestor/a de investigación ☐ MECES Elegir Técnico/a administrativo/a e de xestión ☐
Colaborador/a de investigación ☐ MECES Elegir Axudante administrativo/a ☐
Técnico/a de apoio á investigación ☒ MECES 2

XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 22/12/2026

TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐	Duración determinada ☒ DATA FIN CONTRATO: 21/12/2027

RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 1225*

PARTIDA ORZAMENTARIA: 05.99.25.12.60 541A 649.02.06

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: MECES 2

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Luís Pena Mosquera (Presidente Titular); Juan José Galán Díaz (Secretaria Titular); Alberto Alvarellos González (Vogal Titular); Jerónimo Puertas Agudo (Presidente Suplente); Isabel Martinez Lage (Secretaria Sulente); Ana Vázquez González (Vogal Suplente)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPD (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art, 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 15 de Novembro de 2026
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL
Asdo.: Luís Pena Mosquera

PENA MOSQUERA LUIS - 33994366K

Digitally signed by PENA MOSQUERA LUIS - 33994366K
Date: 2026.11.05 10:49:32 +01'00'

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 86VSIN4BB24TRBMRKDT2GL1V
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 24/11/2026 13:16:52 Página 2 de un total de 5 página(s).

Obxectivos do proxecto

O proxecto IAPSI (Intelixencia Artificial e Automatización aplicadas a Produtos Sustentables de alto valor engadido a partir de insectos) ten como obxectivo principal o desenvolvemento experimental dun sistema intelixente para optimizar o proceso de cría de larvas de mosca soldado negra a escala industrial; incluíndo a valorización de subprodutos, a análise da pegada ambiental e a optimización de procesos hidráulicos.

Este sistema baséase en tecnoloxías de automatización, intelixencia artificial, visión artificial e sistemas IoT, co fin de mellorar a eficiencia, a sustentabilidade e a trazabilidade do proceso produtivo.

Os obxectivos específicos do proxecto inclúen:

- Deseño dun sistema de monitorización avanzado mediante a instalación de instrumental de medida, optimización de algoritmos e visión artificial.
- Desenvolvemento experimental dun sistema automatizado de alimentación e rega de precisión.
- Valorización de subprodutos para a súa utilización como fertilizantes, obtendo datos experimentais de mellora na produción agrícola.
- Redución da pegada ambiental (hídrica e de carbono).

Tarefas a realizar pola persoa contratada

A persoa contratada participará, baixo a supervisión do equipo investigador da Universidade da Coruña, nas seguintes tarefas, vinculadas ás actividades do proxecto IAPSI nas que participa a UDC:

- Preparación, depuración e análise exploratoria dos datos procedentes dos sensores de monitorización e das campañas experimentais (series temporais de humidade, temperatura e outras variables do proceso de cría), incluíndo o control de calidade dos datos, a detección de valores atípicos e o tratamento de datos ausentes (tarefas T3.2 e T5.3).
- Desenvolvemento, adestramento e validación de modelos de aprendizaxe automática e de aprendizaxe profunda para a predición de variables do proceso de cría e a mellora dos sistemas de xestión da produción, a partir de datos históricos e de datos obtidos nas campañas experimentais (tarefas T3.2 e T5.3).
- Desenvolvemento de software para a recollida, o almacenamento e a visualización dos datos de monitorización: servizos de backend, bases de datos e aplicacións frontend con cadros de mando para o seguimento do estado do sistema (actividades A2 e A5).
- Implementación de módulos software para o cálculo da pegada hídrica e da pegada de carbono, integración dos datos experimentais nestes módulos e validación dos resultados (tarefas T4.2 e T4.3).
- Integración software dos sistemas de monitorización instalados no laboratorio e na planta industrial: configuración da comunicación e da inxestión de datos, probas de funcionamento e verificación da calidade dos datos recibidos (tarefa T5.2).
- Elaboración da documentación técnica do software e dos modelos desenvolvidos.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 86VSIN4BB24TRBMRKDT2GL1V
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 24/11/2026 13:16:52 Página 3 de un total de 5 página(s).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 86VSIN4BB24TRBMRKDT2GL1V
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 24/11/2026 13:16:52 Página 4 de un total de 5 página(s).

Requisitos

As persoas candidatas deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

• Titulación: título de Grao (nivel MECES 2) en Enxeñaría Informática, en Intelixencia Artificial ou en Ciencia e Enxeñaría de Datos, ou título universitario oficial equivalente. Os títulos obtidos no estranxeiro deberán estar homologados ou declarados equivalentes.
• Formación en intelixencia artificial e análise de datos: ter superados na titulación de grao esixida, fóra das materias de formación básica, polo menos 24 ECTS en materias con contido principal nos ámbitos A ou B, dos cales polo menos 12 ECTS no ámbito A.
• Ámbito A: intelixencia artificial, aprendizaxe automática, aprendizaxe profunda, sistemas intelixentes ou visión artificial.
• Ámbito B: análise estatística de datos, minaría de datos, integración e almacéns de datos, ou procesamento de sinais e imaxes.
• A formación acreditarase mediante certificación académica e, cando a denominación da materia non permita identificar o seu contido, mediante a guía docente da materia.

Criterios de selección

Os méritos valoraranse segundo os criterios da seguinte táboa. Só se valorarán os méritos acreditados documentalmente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A titulación esixida como requisito non se valora como mérito. A puntuación máxima dos apartados 1 a 6 é de **15 puntos** e a da entrevista persoal (apartado 7) de **5 puntos** (25 % da puntuación total).

Mérito	Descrición e criterios	Máx. puntos
1. Expediente académico	Nota media do expediente da titulación de grao esixida como requisito, en escala de 0 a 10, acreditada mediante certificación académica. Para títulos obtidos no estranxeiro empregarase a nota media da declaración de equivalencia do ministerio con competencias en materia de universidades. • Puntuación: (nota media − 5) × 0,8.	**4**
2. Formación en intelixencia artificial no grao	Formación incluída na titulación de grao esixida como requisito, acreditada mediante certificación académica: • 0,5 puntos por cada 6 ECTS superados en materias do ámbito A definido nos requisitos, adicionais aos 12 ECTS mínimos esixidos nese ámbito (proporcional ao número de créditos; máximo 2 puntos). • 1 punto polo Traballo Fin de Grao cuxo obxecto principal sexa o desenvolvemento ou a aplicación de modelos de intelixencia artificial ou de aprendizaxe automática.	**3**
3. Formación complementaria	Cursos non conducentes a título oficial en intelixencia artificial, aprendizaxe automática, ciencia de datos ou desenvolvemento de software, acreditados mediante certificado que indique o número de horas: • 0,1 puntos por cada 10 horas de formación. • Non se valorarán os cursos de duración inferior a 10 horas.	**2**

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Mérito	Descrición e criterios	Máx. puntos
4. Experiencia profesional	Experiencia acreditada mediante contrato ou certificado da entidade e informe de vida laboral, ou mediante certificado de prácticas extracurriculares. Computarase por meses completos. Un mesmo período só se valorará nun dos seguintes apartados: • 1 punto por ano en desenvolvemento, adestramento ou validación de modelos de intelixencia artificial ou de aprendizaxe automática, ou en análise de datos. • 0,5 puntos por ano en desenvolvemento de software (backend, frontend ou bases de datos).	**4**
5. Produción científica e técnica en intelixencia artificial	Contribucións relacionadas con intelixencia artificial, aprendizaxe automática ou análise de datos: • 1 punto por artigo publicado en revista indexada no JCR. • 0,5 puntos por comunicación en congreso con revisión por pares. • 0,5 puntos por software de código aberto de autoría propia publicado nun repositorio público, acreditado mediante ligazón e evidencia da autoría.	**1**
6. Idioma inglés	Nivel acreditado mediante certificado oficial: • Nivel B2: 0,5 puntos. • Nivel C1 ou superior: 1 punto.	**1**
7. Entrevista persoal	Realizarase ás persoas candidatas que acaden polo menos 3,75 puntos na suma dos apartados 1 a 6. A data, a hora e o lugar comunicaranse cunha antelación mínima de 48 horas. Valorarase: • Coñecementos prácticos de desenvolvemento, adestramento e avaliación de modelos de aprendizaxe automática: ata 2 puntos. • Coñecementos prácticos de programación e de desenvolvemento de software: ata 1 punto. • Coñecementos de adquisición, almacenamento e visualización de datos de sensores: ata 1 punto. • Comprensión das tarefas do posto e da súa relación co proxecto IAPSI: ata 1 punto.	**5**
		Total máximo **20**

Puntuación mínima e listaxe de agarda

A puntuación mínima para seren convocadas á entrevista e para integrar a listaxe de agarda é de **3,75 puntos** na suma dos apartados 1 a 6, equivalente ao 25 % da puntuación máxima destes apartados. A puntuación obtida na entrevista non computa para a listaxe de agarda, que se ordenará pola puntuación dos apartados 1 a 6.

Criterios de desempate

En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

- Maior puntuación no apartado 4 (experiencia profesional).
- Maior puntuación no apartado 2 (formación en intelixencia artificial no grao).
- Maior puntuación no apartado 1 (expediente académico).
- Maior puntuación no apartado 7 (entrevista persoal); este criterio non se aplica á orde da listaxe de agarda.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 86VSIN4BB24TRBMRKDT2GL1V
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 24/11/2026 13:16:52 Página 5 de un total de 5 página(s).